



C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

web: www.abegondo.es
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

BASES DO CONCURSO DE DISFRACES E DO PINCHO CHOQUEIRO ENTROIDO 2019 CONCELLO DE ABEGONDO

PRIMEIRA.- Obxecto

O Concello de Abegondo ten como unha das súas prioridades a promoción cultural do Entroido, por tratarse dunha das festas tradicionais máis celebrada e popular entre os seus veciños.

Co obxectivo de promover e potenciar a vivencia do Entroido no municipio e involucrar neste o tecido hostaleiro e de restauración, coa finalidade de exaltar a gastronomía tradicional típica destas datas, e a participación cidadá mediante a presenza do disfrace, convócase unha nova edición do concurso de comparsas e o sorteo do pincho choqueiro, intentando así fomentar a economía local.

SEGUNDA.- Participantes categoría disfraces

a) Individuais/parellas: poderán participar nesta categoría as persoas que teñan 18 ou máis anos. Admitiranse ata dous integrantes nesta modalidade.

b) Grupos: encádranse nesta categoría os participantes grupais nos que o total de integrantes estean comprendidos entre 3 ou 7 participantes, ámbolos dous inclusive.

c) Comparsas: encádranse nesta categoría os grupos de persoas integrados como mínimo por oito compoñentes. Distínguense as seguintes categorías:

Comparsas menores de 16 anos: comparsas nas que máis do 50% dos integrantes teñan menos de 16 anos.

Comparsas maiores de 16 anos: comparsas nas que máis do 50% dos integrantes teñan 16 ou máis anos.

No caso de que un grupo teña un número de participantes par e estean ao 50% en participantes de varias categorías encadraranse na categoría de máis idade.

Un mesmo disfrace non poderá participar en máis dunha categoría, si poderá a persoa, sempre e cando o disfrace sexa diferente.

TERCEIRA.- Participantes Pincho Choqueiro

Poderán participar nesta categoría (Pincho Choqueiro) calquera establecemento situado dentro do termo municipal de Abegondo dedicado á restauración (bares, café-bares, mesóns, etc ...) ou hostalaría.

CUARTA.- Lugar e prazos de presentación

a) Disfraces: inscrición no modelo facilitado polo concello no que deberá facerse constar os seguintes aspectos:

-nome do disfrace

-número de participantes e idade destes

- nome, apelidos e DNI de todos os membros que compoñen a comparsa ou grupo

- documento asinado por todos os integrantes -só no caso de grupos- no que se designe a un representante para a actuación ante o Concello.

- fotocopia do DNI do representante

- declaración responsable de todos eles de que cumpren cos requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.abegondo.es>. (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

web: www.abegondo.es
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

O prazo para a inscrición na Casa do Concello remata o día 1 de marzo de 2019 ás 20.00 h. Excepcionalmente, e previa autorización dos membros organizadores do evento, os participantes poderán inscribirse o mesmo día do concurso.

O concurso de disfraces terá lugar o domingo 3 de marzo de 2019 nas instalacións do pavillón municipal de San Marcos, a partir das 18:00 h.

b) Pincho Choqueiro: Os locais poderán realizar a inscrición-compromiso de participación ata o 20 de febreiro por rexistro municipal, anexando o modelo facilitado polo departamento de cultura no que se fará constar como mínimo os seguintes aspectos:

- nome do establecemento e CIF
- representante para as actuacións ante o Concello.
- fotocopia do DNI do representante

O Concello de Abegondo publicará na páxina web, na sede electrónica e nas redes sociais municipais a listaxe dos locais participantes.

O Pincho Choqueiro ofrecerase nos establecementos participantes os días 3, 5 e 10 de marzo de 2019.

QUINTA.- Desenvolvemento

a) Concurso de disfraces: os grupos, comparsas e demais participantes no concurso de disfraces deberán desfilarse diante do xurado. Cada membro do xurado outorgará unha puntuación, que debe ser de entre 0 e 10 puntos. A puntuación dependerá non soamente do disface, senón que tamén contarán a orixinalidade, o desenfado, a coreografía, a dramatización, o número de integrantes e a animación dos concursantes.

Serán nomeados gañadores do concurso de disfraces dous grupos na categoría de comparsas para cada unha das categorías un premiado na categoría individual/parella Adultos, un premiado na Categoría Familiar e dous na categoría Grupos.

b) Pincho choqueiro: cada establecemento participante colocará un cartel identificativo do Pincho Choqueiro no seu local (que lle facilitará o concello) o que acreditará a súa participación. Deberán contar no seu local con algún elemento decorativo típico de Entroido e ofrecer na medida do posible, produtos tradicionais de entroido como mínimo nos días 3, 5 e 10 de marzo.

Os hostaleiros inscritos repartirán entre os seus clientes boletos que acreditan a consumición do Pincho Choqueiro e permitirán participar no sorteo de lotes de produtos de Entroido, así como unha cartilla de degustación que unha vez completada cos selos dos establecementos dará acceso ao sorteo dunha viaxe. Para esta finalidade os hostaleiros colocarán dúas urnas nos seus establecementos para o depósito dos boletos e cartillas.

O gañador do Pincho Choqueiro 2019 do Concello de Abegondo elixirase por sorteo público entre os participantes inscritos, co obxectivo de fomentar a participación e non a competitividade.

SEXTA.- Premios

a) Disfraces: Estes premios están incluídos na aplicación orzamentaria 338.48200. De ser o caso, efectuarase a oportuna retención de IRPF. Os premios económicos en cada unha das categorías son os seguintes:

Individuais/parellas (adultos)



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.abegondo.es>. (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

web: www.abegondo.es
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

Premio: 100 €

Grupos (de tres a sete integrantes)

1º premio: 200 €

2º premio: 150 €

Comparsas Menores (menores de 16 anos, 8 ou máis integrantes)

1º premio: 200 €

2º premio: 150 €

Comparsas Adultos (maiores de 16 anos, 8 ou máis integrantes,

1º premio: 350 €

2º premio: 250 €

En ningún caso se contempla o empate, o Xurado terá que determinar o gañador na categoría que corresponda. En ningún caso se poderá incrementar o importe total dos premios.

b) Pincho Choqueiro 2019: O premio, para o establecemento elixido por sorteo entre os locais participantes, consistirá nunha estancia de relax para dúas persoas na Comunidade Autónoma.

Os clientes dos locais inscritos, e que depositaron o boleto de participación nas urnas instaladas ao efecto, entrarán nos seguintes sorteos:

- Un lote de produtos de Entroido que se expoñerá en cada local participante. Poderán participar neste sorteo todos aqueles que depositaran o seu boleto acreditativo de ter consumido algún Pincho Choqueiro.
- Unha viaxe para dúas persoas, sen superar a contía orzamentaria determinada para o concepto. Entrarán neste sorteo todos os que teñan completa a cartilla de degustación debidamente selada polos establecementos participantes e que acreditará a degustación do Pincho Choqueiro na totalidade dos establecementos participantes.

A data do sorteo público será o martes 12 de marzo na Casa do Concello, para todos os casos. Para os sorteos entre os clientes, sacaranse tres boletos para cada un dos sorteos (lote de produtos + estancia), de tal forma que de non aparecer o premiado do primeiro número pasarase ao seguinte, cun prazo de comunicación de 24 h. De non presentarse o gañador, quedará deserto.

O resultado do sorteo e os números premiados publicaranse na web municipal, na sede electrónica e nas redes sociais municipais.

SÉTIMO.- Entrega de premios

a) Concurso de disfraces: os gañadores daranse a coñecer no mesmo día da Festa de Entroido (3 de marzo), unha vez rematado o concurso. Os participantes que resulten gañadores recollerán nese momento un vale do premio. Os premiados deberán presentar os vales nos días seguintes na Casa do Concello de Abegondo, xunto coa documentación solicitada para a inscrición e un certificado expedido pola entidade bancaria do número de conta a nome do premiado ou representante, no que se efectuará o correspondente pago.

b) Pincho Choqueiro 2019: a data de entrega será determinada polo concello, sen que poidan transcorrer máis de tres meses dende a celebración do sorteo.

OITAVO.- Xurado



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.abegondo.es>. (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

web: www.abegondo.es
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

O xurado estará constituído por cinco membros, todos eles representantes do tecido asociativo, empresarial ou cultural do Concello de Abegondo.

O xurado será designado mediante resolución da Alcaldía. Os membros do xurado deberán formalizar unha acta coas oportunas valoracións na que se propoña a concesión dos premios.

Actuará como secretaria a técnica de Cultura, sendo a súa suplente a técnica de normalización lingüística do Concello de Abegondo, sen voto.

O xurado do Concurso de Disfraces do Entroido 2019 pode declarar algún premio deserto se o considera conveniente.

O xurado estará facultado para interpretar estas bases e resolver as dúbidas e cuestións que xurdan no concurso.

NOVENA.- Aceptación das bases

Os participantes, polo mero feito de participar no concurso, aceptan integramente as presentes bases.

O alcalde,
José A. Santiso Miramontes
Abegondo, na data que figura na marxe.



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.abegondo.es>. (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).